

BASES REGULADORAS DO PROCESOS DE SELECCIÓN DE ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO "CONCELLOS RURAIS DA COMARCA DE OURENSE II: BARBADÁS, SAN CIBRAO, TABOADELA E TOEN":

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS E OBXECTO

I.- RÉXIME XURÍDICO

1. É obxecto das presentes bases desenvolver os aspectos particulares dos procedementos de selección de alumnado derivados da participación do Concello de Barbadás no obradoiro dual de emprego denominado "Concellos rurais da Comarca de Ourense II: Barbadás, San Cibrao, Taboadela e Toen", segundo o procedemento previsto na Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

2. Serán de aplicación, ademais da cita Orde anterior, a Instrucción da Dirección Xeral de formación e colocación. En todo o non previsto nas mesmas, estarase ao disposto na normativa reguladora do emprego público.

3. Tal e como se establece nas Bases Xerais, e segundo o artigo 11 da citada Orde do 21 de febreiro de 2022, a do alumnado selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego, que establece como requisitos mínimos os seguintes:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación, co obxecto de ter vinculación mediante un

contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previstonos artigos 2 e 5 desta orde.

– Cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

– No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo obradoiro se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto

4. As contratacións do persoal seleccionado ao abeiro das presentes bases realizarase en réxime laboral en atención ás características, natureza e duración dos contratos. Será de aplicación a lexislación laboral e, en canto proceda, as disposicións xerais reguladoras do emprego público local.

5. En total serán 20 alumnos/as-traballadores dos cales corresponden a cada Concello participante as prazas que se indican a continuación:

- Barbadás: 12 alumnos/as traballadores
- San Cibrao: 2 alumnos/as traballadores
- Taobadela: 4 alumnos/as traballadores
- Toén: 2 alumnos/as traballadores

5. Os contrato de traballo serán formalizados polo Concello de Barbadás, como entidade promotora coas persoas seleccionadas. Terá carácter temporal, cunha duración de 12 meses a xornada completa e coincidente coa duración do proxecto de obradoiro aprobado.

II.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

1. Segundo as normativa reguladora do Obradoiro, a memoria e proxecto presentados e a concesión da subvención ofértase os seguintes postos:

Denominación	Alumno Módulo “Actividades auxiliares en conservación e mellora demontes”
Número de postos	10
Duración do contrato	12 meses
Retribucións	14.000 euros (retribucións anuais en 14 pagas)
Grupo de cotización	VI

Denominación	Alumno Módulo “Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización”
Número de postos	10
Duración do contrato	12 meses
Retribucións	14.000 euros (retribucións anuais en 14 pagas)
Grupo de cotización	VI

2. Segundo o artigo 13 da Orde do 21 de febreiro de 2022 as persoas seleccionadas como alumnado-traballador serán contratadas pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación. Non serán de aplicación os límites de idade e duración establecidos no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores de acordo co establecido na Lei de emprego, aprobada polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, e modificada pola disposición derradeira segunda do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.

I.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

1. Para formar parte dos procesos selectivos os/as aspirantes deberán reunir os requisitos expresados na BASE PRIMEIRA. I.

II. CALENDARIO DE SELECCIÓN.

A selección dos candidatos farase segundo o disposto nas citadas Orde e Instrucción mediante a designación do lugar, data e hora na que se deberán presentar coa

documentación acreditativa dos méritos sinalados nas bases da convocatoria. A tal efecto, establécese como día de inicio do período de selección o MARTES 18 DE OUTUBRO ÁS 08.30 a.m. no edificio do Concello de Barbadás, sito na Rúa Cimadevila 1 de Barbadás.

Rematada a selección e ordeación do alumnado, procederase a publicar a lista de alumnos seleccionados por orde de puntuación segundo os méritos previstos na Base Terceira.

TERCEIRA.- BAREMO DE MÉRITOS

Tal e como se establece na Orde reguladora estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional, as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, polo tanto os méritos para o acceso á condición de alumno deben ter presentes estes condicionantes.

A selección farase mediante a aplicación do seguinte baremo:

1. MULLERES.

As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violenciade xénero terán prioridade absoluta. En xeral: 1 Punto.

2. IDADE.

- 18-29 anos: 4 Puntos
- 30-44 anos: 1 Punto
- 45 ou máis anos: 3 Puntos

3. DISCAPACIDADE.

- Minusvalía > 33 % : 1 Punto

4. PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego: 1 Punto
 - Perceptores de subsidios (RAI, PREPARA, ACTIVA, subsidio extraordinario, RISGA): 2 Puntos
- Non perceptores: 4 Puntos

5. TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ULTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDALABORAL)

- Ata 12 meses: 1 Punto
- Máis de 12 meses : 2 Puntos
- Máis de 18 meses : 4 Puntos

6. CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR,SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos: 0 Puntos
- Grupos de cotización 1 a 7: 0 Puntos
- Grupo de cotización 8: 1 Punto
- Grupo de cotización 9: 2 Puntos
- Grupo de cotización 10: 3 Puntos
- Sen emprego anterior: 4 Puntos

7. PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacions, Inclusión e Inmigración da Conselleria de Política Social. A puntuacion dos dous apartados non é acumulable).

- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido: 2 puntos.

- Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes na comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social: 1 punto.

8. FORMACIÓN ACADÉMICA:

- Ata graduado escolar ou ESO: 3 Puntos
- Bachalerato/BUP/FP ciclo medio: 2 Puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior: 1 Punto

**9. RESPONSABILIDADES FAMILIARES /
UNMADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA**

(Acreditado mediante certificado de convivencia):

- Unidade familiar de 4 ou máis membros: 1 Punto
- Familia monoparental con fillo/s : 1 Punto

10. OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional(IPI): 2 puntos.

CUARTA.- LISTA DE CONTRATACIÓN E RESERVA

A distribución dos postos correspondentes a cada concello participante realizarase en función do acordo asinado polos seus responsables.

Ocuparan o último lugar na prelación, de acordo coa antedita distribución, as persoas candidatas que tiveran participado nalgún obradoiro de emprego nas dúas últimas convocatorias. En todo caso, os candidatos/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

As persoas candidatas cumprimentaran un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderá determinarse a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveráse aplicando os seguintes criterios:

- O maior tempo acreditado como desempleado
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experienciadocente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

Serán propostas para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección. As restantes formarán a listaxe de reservas que estará vixente ata a data de inicio do proceso.